



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DOCE DE AGOSTO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretaria accidental	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as catorce horas e cinco minutos do día doce de agosto de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/07/2024).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día once de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1- Comunicación de obra de Mar de Frades , S.L.U. (Expediente número 2023/U026/000061)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Roberto Pereiras Guinarte, en representación de Mar de Frades, SLU, para actuacións para plantación de viñado en varias parcelas, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Roberto Pereiras Guinarte en calidade de enxeñeiro técnico forestal e de data 12/04/2024.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 21/08/2023, no expediente: 1105/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre as parcelas con referencia catastral 15090B50200402, 15090B50200401, 15090B50200403, 15090B50200404, 15090B50200405, emprazadas en Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, así como ás condicións sinaladas no informe de Patrimonio Cultural.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de seiscentos vinte e catro euros con sete céntimos (#624,07#).

2.2.- Comunicación de obra de Mar de Frades, S.L.U. (Expediente número 2023/U026/000062)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Roberto Pereiras Guinarte, en representación de Mar de Frades, SLU para plantación de viñado en varias parcelas emprazadas en Paizás - Trobe (San Andrés), nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Roberto Pereiras Guinarte en calidade de enxeñeiro técnico forestal e de data 24/04/2024.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 21/08/2023, no expediente: 1104/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50500068, 15090A50500022, 15090A50500026, 15090A50500024, 15090A50500028, 15090A5050027, emprazadas en Paizás - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, así como ás condicións sinaladas no informe de patrimonio cultural.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros mil vinte e nove euros con dezanove céntimos (#1.029,19#).

2.3.- -Instancia núm. 202490000000913 de don José Manuel Tobío Boquete. (Expediente prórroga número: 2024/U003/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 08/02/2024 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar de PB+1 en Sarandón, 58 – Sarandón (San Miguel), (Expediente número 2023/U022/000038), e dado que por diversos motivos non puido iniciar as actuacións no prazo concedido, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 6 meses, para o inicio das actuacións do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.4.-- Instancia de don Gerardo Albela González. (Expediente municipal número 2024/U018/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para parcelamento de finca en Outeiro - Vilanova (San Pedro) en dúas parcelas resultantes, nos termos da documentación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



técnica achegada asinada por don Santiago Alonso Barral en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 13/06/2024.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Servizo de Protección e Fomento, no expediente SPR-2023-0404.AUI, para o parcelamento obxecto do expediente por afección da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe. Varios bens catalogados no lugar de O Outeiro - Vedra (A Coruña)

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos núcleos rurais (N-1) e Rústico de protección agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Outeiro - Vilanova (San Pedro) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de euros (#120,00#.)

2.5.- Instancia núm. 202499900000587 de UFD distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2024/U022/000019)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de instalación de un CT PREFABRICADO. Proxéctase LMTS por canalización baixo terra e calzada ata o centro de transformación. Realízanse dúas novas liñas subterráneas, sendo a canalización da obra de 33 metros, segundo se indica na separata para a obra LMT CT RBT SALES, (VEDRA) con SGD: 618522089008 en Nande - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2024/U022/000019), en solo cualificado polo vixente PXOM como Rústico de protección agrícola (R-2) e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Javier Fernández Pasos, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 38.950,87 euros.

Dáse conta tamén do informe emitido pola Consellería do Medio Rural, expediente referencia 2023/2876049

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 15/06/2023, así como ao contido da autorización sectorial.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de setecentos oitenta e oito euros con noventa e tres céntimos (#788,93#).

2.6.- Instancia núm. 202490000000428 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Expediente número 2024/U022/000024)

Dáse conta da citada instancia na que a Vicesecretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación e Universidade solicita licenza para obras de construción de nova cuberta, aseo, almacén e gradaría no edificio do CEIP Ortigueira en Ortigueira, 2 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2024/U022/000024), en solo cualificado como “Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta. (U-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto e cun presuposto de execución material de 300.653,48 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA U-1 SX-DOC2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	(1)(2)	4752,54
Parcela bruta total (m ²)			-
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación		-
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,80 (3801,01)		1015,69 < (3801,01)
Ocupación máxima (%)	50 (2376,27)		<2376,27
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	B+2 / 9,50	(4)	B+1/6,04
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60		-
Usos	Docente		Docente

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001800600NH43F.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Fermín González Blanco, de data 13/03/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Previo ao inicio das actuacións deberán achegarse os preceptivos oficios de dirección de obra.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Durante a execución das obras ou actuacións, o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible.

4º.- Non procede liquidación de imposto sobre construcións, instalacións e obras, á vista do disposto no artigo 3º, f) da vixente ordenanza fiscal número 2 reguladora do mesmo, neste concello de Vedra.

2.7.- Instancia núm. 202499900000247 de Bocaleon Iberica, S.L. (Expediente número 2024/U024/000003)

Dáse conta da citada instancia na que don Francisco Javier Simón Barallobre, en representación de Bocaléon Ibérica, S.L, solicita licenza para actuacións de movemento de terras para plantación de viñado nas parcelas 153, 154, 155, 156, 157, 158 e 159 do polígono 507 do catastro no concello de Vedra en Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2024/U024/000003), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal. (R-3)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Juan Romero Brañas, en calidade de arquitecto técnico e de data 13/03/2024.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra e executaranse sobre as parcelas con referencia catastral: 15090A50700153, 15090A50700154, 15090A50700155, 15090A50700156, 15090A50700157, 15090A50700158, 15090A50700159.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións sectoriais:

- Consellería do Medio Rural, Servizo de Montes, cambio de actividade de forestal a agrícola nas parcelas 153 e 154 do polígono 507. Expediente CFA 159/2022.
- Consellería do Medio Rural, Servizo de Montes, cambio de actividade de forestal a agrícola nas parcelas 156, 157 e 158 do polígono 507. Expediente CFA 014/2022.
- Informe da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, de non procedencia de someter as actuacións do expediente ao trámite de declaración de incidencia ambiental de actividades recollido na Lei 9/2013, do 19 de decembro. Expediente referencia: CO/2023/101.
- Autorización da Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, por afección da DP 8902. Expediente: 2022000015440.
- Autorización de Augas de Galicia. Expediente DH.W15.97520.
- Informe da Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, Servizo do Patrimonio Natural. Expediente: 0250/2024.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Juan Romero Brañas de data 13/03/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estará debidamente



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



sinalizado, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar ás vías públicas.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorizacións outorgadas.

2º.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de seiscentos oitenta euros con corenta e dous céntimos (#680,42#).

2.8.- Instancia núm. 20249990000475 de Bocaleón Ibérica, S.L. (Expediente número 2024/U024/000005)

Dáse conta da citada instancia na que don Francisco Javier Simón Barallobre, en representación de Bocaleón Ibérica, S.L, solicita licenza para actuacións de movementos de terras nas fincas 148, 149 e 150 de polígono 507 do catastro deste concello, para plantación de viñado nunha superficie de 20.552 m² en Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2024/U024/000005), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal. (R-3)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Juan Romero Brañas, en calidade de arquitecto técnico.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50700148, 15090A50700149, 15090A50700150.

Dáse conta das seguintes autorizacións sectoriais:

- Consellería do Medio Rural, Servizo de Montes, para cambio de actividade de forestal a agrícola das parcelas obxecto do expediente. Expediente 044/2023.
- Consellería do Medio Rural, Servizo de Montes, sobre réxime de usos. Expediente ID-379.
- Da Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, por afección da DP 8902. Expediente 2022000051664.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Juan Romero Brañas de data 13/05/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estará debidamente sinalizado, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar as vías públicas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e seis euros con corenta e un céntimos (#56,41#).

2.9.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2024/U026/000015)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de 4 postes de fibra, de tipo 8FVA en vía pública Ref. 8602251 - 3965032 en Riveira - Sarandón (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 28/02/2024. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta da comunicación achegada por Augas de Galicia no expediente: DH.W15.100092 de cumprimento das actuacións do expediente dos requisitos do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Dáse conta do informe emitido, en sentido favorable, pola Consellería do Medio Rural no expediente Ref. : 2024 / 819457.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.10.- Comunicación de obra de don José Manuel Collazo Fraga. (Expediente número 2024/U026/000031)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel Collazo Fraga para construción de alboio para garda de apeiros de 20 m², nos termos da documentación técnica achegada asinada por Francisco Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data abril do 2024 .

Dáse conta do informe emitido pola Consellería do Medio Rural, no expediente 2024/1571606.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50600093, emprazada en Xián - Sarandón (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros con vinte e tres céntimos (#50,23#).

2.11.- Comunicación de obra de don José Miguel López Moure. (Expediente número 2024/U026/000045)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Miguel López Moure para construción de peche, 27 metros de largo, con base de bloque de pedra de granito de 1,20 metros de altura na fronte da parcela e beirarrúa perimetral de formigón no entorno da vivenda de aproximadamente 89 m², cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 5 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50701559, emprazada en Angustín, 5 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa euros con sesenta e sete céntimos (#90,67#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.12.- Comunicación de obra de dona Mónica Ribadas Mouriño. (Expediente número 2024/U026/000042)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Mónica Ribadas Mouriño para colocación de malla de arame e postes metálicos sobre peche de parcela, sen superar a altura total de 1,80 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001102800NH44A, emprazada en A Torre, 19 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.13.- Comunicación de obra de don Juan Antonio Brocos Nande. (Expediente número 2024/U026/000047)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Juan Antonio Brocos Nande para rehabilitación de vivenda consistente en pintar as catro fachas con pintura de cor cobre.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002101100NH44A, emprazada en Matelo, 9 - Sales (San Xián) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.14.- Comunicación de obra de don José Ángel Sigüeiro Liñares. (Expediente número 2024/U026/000048)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Angel Sigüeiro Liñares para mantemento de cuberta de edificación retirando tella e colocando tella nova e limpeza de fachadas nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 04/07/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 2264505NH4326N, emprazada en Marzán de Arriba, 15 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1) e cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros cento cincuenta e tres euros con noventa e un céntimos (#153,91#).

2.15.- Comunicación de obra de dona Susana Gamallo Carreira. (Expediente número 2024/U026/000050)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Susana Gamallo Carreira para cambio de ventás en vivenda unifamiliar.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 6868816NH4366N, emprazada en Castrelo, 2 - Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e cinco euros con oitenta e dous céntimos (#95,82#).

2.16.- Instancia núm. 202499900000144 de dona Arancha Mera Silva. (Expediente número 2024/U022/000003)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de legalización, rehabilitación e ampliación de vivenda unifamilair en Torre de Abaixo, - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2024/U022/000003), en solo cualificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, sendo Pablo Xosé Pouso Iglesias o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, con un presuposto de execución material de 93.500,00 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1198,00
Parcela bruta total (m ²)				1205,00
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		7
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40	0,30 (359,40m2)		285,90 < (479,20)
Ocupación máxima (%)	50 (358)	40		155,30 < 358,00
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	B+1/5,49
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50701341.

Dáse conta tamén das solicitudes ao órgano autonómico competente para instalación de pozo e fosa séptica.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Eugenio Torreira Pais, número de visado 2400447,2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estará debidamente sinalizado, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2, de 7,00 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

O terreo de cesión deberá quedar urbanizado e ao mesmo nivel da vía pública, xustificándose coa comunicación de primeira ocupación.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): mil oitocentos setenta euros (#1.870,00#).

-Taxas expedición de cartel de obra: cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.17.- Instancia núm. 202499900000807 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2024/U022/000026)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A., solicita licenza para obras de subministro de 5,75 kW para vivenda, liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo e final na CPM do cliente, sendo a canalización de la obra de 2 metros, segundo se indica na carpeta de permisos RBT LUGAR BAZAR (VEDRA), con código SGD: 618524060065. en Bazar - Trobe (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U022/000026), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por dona Carlota Martínez Rúa, en calidade de enxeñeira eléctrica.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do informe emitido polos servizos técnicos municipais no que se conclúe que non se ten constancia da existencia da vivenda obxecto do expediente nin solicitude de obra en trámite no emprazamento solicitado no expediente.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda:

1º.- Denegar a solicitude de licenza para obras de subministro de 5,75 kW para vivenda, liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo e final na CPM do cliente, sendo a canalización de la obra de 2 metros, segundo se indica na carpeta de permisos RBT LUGAR BAZAR (VEDRA), con código SGD: 618524060065.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.18.- Instancia núm. 202499900000835 de dona Isabel Furelos Vázquez. (Expediente número 2024/U022/000025)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de construción de alboio, de 80,30 m² de superficie construída, para garda de apeiros en Pousada de Abaixo, 9 - Vedra (expediente núm.: 2024/U022/000025), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Manuel Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, e un presuposto de execución material de 7.951,88 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50300508.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don José Manuel Pena Alonso de data 29/07/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

A promotora responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estará debidamente sinalizado, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional cento cincuenta e nove euros con catro céntimos (#159,04#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.19.- Comunicación de obra de dona Paula Otero Cutrín. (Expediente número 2024/U026/000052)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Paula Otero Cutrín para construción de peche de parcela con base de bloque, revestido e pintado, sen superar o 1,50 metros de alto, e postes e arame sen superar a altura total de 1,80 metros. Na fronte da parcela recuarase 5 metros do eixe da vía pública. A lonxitude total do peche será de 114 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090E50100108, emprazada en Cibrán, 38 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento dous euros con corenta e seis céntimos (#102,46#).

3º.- Aprobación prezos públicos.

3.1.- Aprobación prezo público para actividades de inglés no curso escolar 2024/2025. (Expediente 2024/D00/000008)

Á vista de que o Concello de Vedra, a través do departamento de cultura, organiza un novo curso de actividades culturais en idade escolar para o curso 2024/2025, e considerando a documentación que obra no expediente 2024/D001/000008, a Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro: Aprobar o prezo público das clases de inglés en idade escolar (de 3-16 anos) para o curso 2024/2025 que se achega como Anexo I á presente acta.

Segundo: Proceder á súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

3.2.- Aprobación prezo público actividades terceira idade curso 2024/2025.

Visto que o Concello de Vedra organiza un novo curso de actividades da terceira idade para o curso 2024/2025, e considerando a documentación que obra no expediente 2024/D001/000009, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público das actividades da terceira idade para o curso 2024/2025 que se achega como Anexo II.

Segundo: Proceder á súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica (<https://sede.vedra.es>)

4º.-Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de xullo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
439	01/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
440	01/07/2024	Aprobación expediente de modificación de créditos 10/2024, modalidade de xeración de créditos, vinculada á subvención ao abeiro do Plan de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas 2024/2025
441	01/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
442	01/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
443	01/07/2024	Aprobación expediente de modificación de créditos 11/2024, modalidade de xeración de créditos, vinculada á subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2024 para o investimento do proxecto de ampliación do abastecemento en Trasariz e Viño grande
444	02/07/2024	Aprobación certificación núm. 2 e última da obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento en Viño grande e Trobe</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Construcciones González y González, S.L por importe de 81.351,60 euros
445	02/07/2024	Aprobación expediente de contratación da obra de Mellora de camiños en Fontao (Vedra), do Plan de mellora de camiños de acceso á parcelas agrícolas 2024/2025 (Expediente núm. 2024/C003/000001)
446	02/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
447	02/07/2024	Aprobación expediente de modificación de créditos 12/2024 , modalidade de xeración de créditos, vinculada á subvención para o Programa Corresponsables Conxuga, curso 2023/2024
448	02/07/2024	Acordo de adhesión á Central de Contratación da Fegamp para a licitación dos servizos postais e telegráficos
449	02/07/2024	Remisión ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Santiago de Compostela expediente instruído (Procedemento



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		abreviado 287/2024 interposto por M ^a . Jesús Rosende Otero contra a estabilización da praza de conserxe)
450	04/07/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2024.21 por importe total de 97.828,88 euros
451	04/07/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de xuño
452	04/07/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente ao mes de xuño
453	04/07/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoverán (meses de xullo e agosto)
454	04/07/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de xuño
455	04/07/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de xullo
456	04/07/2024	Aprobación certificación núm. 3 da obra de <i>Colectores de saneamento en Fontao</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Construcciones Caldevergazo, S.L por importe de 47.644,15 euros
457	05/07/2024	Concesión de anticipo a traballador municipal
458	08/07/2024	Adxudicación como contrato menor dos servizos de desenvolvemento do Campo de Voluntariado: Unindo roteiros, medio ambiente, etnografía e sociocultura no Val do Ulla (Expediente 2024/C002/000007)
459	08/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela
460	08/07/2024	Aceptación renuncia voluntaria por xubilación anticipada da funcionaria María Canedo de la Torre
461	08/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
462	09/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a ANPA A Boca do CPI de Vedra
463	09/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a ANPA Val do Ulla do CRA Boqueixón - Vedra
464	09/07/2024	Delegación especial na concelleira M ^a . Susana García Lema para celebrar matrimonio civil o 27/07/2024
465	09/07/2024	Aprobación certificación núm. 2 e última da obra de <i>Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Martínez Montes e Hijos, S.L por importe de 94.622,19 euros
466	11/07/2024	Incoación de expediente para imposición de multas coercitivas por incumprimento de orde de demolición de peche de parcela en Cumbraos –Vilanova
467	12/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Unión Deportiva Val do Ulla prevista no orzamento de 2024
468	12/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e o C.D. San Mamede prevista no orzamento



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		de 2024
469	12/07/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación de Veciños Unión e Progreso e orde de pagamento
470	12/07/2024	Incoación expediente de xestión de biomasa en A Torre – San Xián de Sales (Lei de incendios)
471	12/07/2024	Aprobación expediente de contratación da obra de Construción de parque infantil na contorna da escola de San Xián de Sales (Expediente 2024/C002/000004)
472	12/07/2024	Aprobación aboamento en nómina de atrasos de xullo de 2024 do incremento do 2% ao persoal do servizo do sector público (Real Decreto-Lei 4/2024, do 4 de xuño, con data de efectos 01/01/2024)
473	12/07/2024	Aprobación expediente de modificación de créditos 13/2024 , modalidade de xeración de créditos, vinculada á subvención para os espectáculos incluídos na Rede Cultural 2024
474	12/07/2024	Aprobación e orde de pagamento de taxa á Augas de Galicia para autorización para a obra Mellora de camiño en Fontao (Vedra) do PMM 2024/2025
475	15/07/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a AGA
476	15/07/2024	Cambio de xornada na EIM, curso 2024/2025 a EDD
477	15/07/2024	Concesión hora extra na EIM, curso 2024/2025 por causas xustificadas a XCE
478	15/07/2024	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 2º trimestre de 2024
479	15/07/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
480	16/07/2024	Recoñecemento trienios persoal municipal
481	16/07/2024	Licenza para posesión de can de raza perigosa
482	16/07/2024	Renovación licenza para posesión de can de raza perigosa
483	16/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
484	17/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e o Club Olímpico de Vedra prevista no orzamento de 2024
485	17/07/2024	Rendición Conta Xeral do exercicio 2023 e sometemento a ditame da Comisión de Economía e Especial de Contas
486	17/07/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Cultural Papaventos prevista no orzamento de 2024
487	17/07/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
488	18/07/2024	Aprobación listaxe provisional persoas admitidas no Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores, curso 2024/2025
489	18/07/2024	Aprobación prego de cláusulas administrativas particulares que ha de rexer a adxudicación por concurso de dúas licenzas de taxi no Concello de Vedra: núm. 3 (vehículo adaptado) e núm. 4
490	18/07/2024	Solicitude de subvención para Voluntariado Sénior 2024 á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Orde do 11.06.2024)
491	19/07/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía móbil e internet incluídos na relación de facturas F.2024.23 por importe de 4.872,97 euros
492	19/07/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2024.22 por importe de 13.383,93 euros e abonos por importe de -904,72 euros
493	22/07/2024	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		a MLLM
494	22/07/2024	Aprobación gratificación á funcionaria María Canedo de la Torre , en concepto de prima por xubilación.
495	22/07/2024	Renovación licenza de posesión can de raza perigosa
496	23/07/2024	Arquivo de oficio de expediente da EIM, curso 2024/2025 de XRD por non formalizar matrícula en prazo.
497	24/07/2024	Designación Vogal 4º na Mesa de Contratación da obra de Mellora de camiño en Fontao (Exp. 2024/C003/000001), incluída no PMM 2024/2025
498	24/07/2024	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais 2º trimestre de 2024
499	24/07/2024	Aprobación das indemnizacións por asistencias aos membros da corporación do 2º trimestre de 2024
500	24/07/2024	Aprobación e orde de pagamento de nóminas correspondentes aos atrasos dos meses de xaneiro a xullo de 2024, polo incremento do 2% nas retribucións do persoal con efectos retroactivos do 01.01.2024
501	24/07/2024	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas Programa Conxuga, modalidades de ludoteca e madrugadores, curso 2024/2025
502	24/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
503	26/07/2024	Adxudicación praza vacante Programa Conxuga , curso escolar 2024/2025, modalidade ludoteca a ADP
504	26/07/2024	Aprobación e orde de pagamento de nóminas correspondentes ao mes de xullo
505	26/07/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2024.24 por importe de 189.983,13 euros
506	26/07/2024	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 2º trimestre de 2024
507	26/07/2024	Deixando sen efecto a bonificación do 15% na taxa de recollida de lixo, á vista da Resolución do 22 de xullo da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se fai público o importe do canon por tratamento de tonelada de residuos urbanos a aplicar por Sogama , sen posibilidade de aplicar a bonificación do 15% de anos anteriores ao non concorrer as circunstancias económicas establecidas na lei 11/2013, do 26 de decembro.
508		Modificación contrato de traballo de monitora de ludoteca para contrato 405 de políticas activas de emprego para continuar co programa de subvención Plan Corresponsables no ámbito local
509	26/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
510	30/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
511	30/07/2024	Delegación funcións da Alcaldía do 17/08 -01/09, por vacacións
512	30/07/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a IM
513	30/07/2024	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida a MPVA.
514	31/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
515	31/07/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
516	31/07/2024	Aprobación e orde de pagamento de taxa a Augas de Galicia para concesión auga pública pozo do campo da festa de San Miguel de Sarandón
517	31/07/2024	Designación Vogal 4º Técnico/a designado/a pola Alcaldía) na Mesa de Contratación do expediente de licitación da prestación do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



		servizo na EIM (núm. 2024/C004/000004)
518	31/07/2024	Ampliación asistencia Programa Conxuga, modalidade ludoverán 2024, a MFL

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das catorce horas e vinte e cinco minutos.



ANEXO I

PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE INGLÉS CURSO 2024/2025

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás clases formativas no inglés nas seguintes modalidades:

- Escola de Inglés para escolares entre os 3 e os 16 anos

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

- Escola de Inglés: os pais, nais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos da “Escola de Inglés” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

Escola de inglés	30 €/mes
Material escola de inglés	25 € no momento da matrícula

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 10 días de cada mes do curso realizado.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. A actividade terá unha permanencia mínima de 6 meses, agás causa debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro., xeral tributaria.



ANEXO II

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE 2024

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás actividades da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

Actividades incluídas na matrícula anual: - ximnasia de maiores - obradoiro de traballo corporal - obradoiro de memoria - canto-coral)
Bailoterapia
loga integral

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

As actividades están dirixidas as persoas empadroadas no concello de Vedra e cumbran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Actividades incluídas na matrícula anual	20,00 €
Bailoterapia	20,00 €/Trimestre
loga integral	30,00 €/Trimestre

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase no Centro Social da terceira idade, a través da TPV habilitada ao efecto e antes do comezo da actividade, previa inscrición de acordo coas normas e calendario que se aprobe e publique polo concello. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as actividades.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.